Deputación DA CORUÑA

BOLETÍN INFORMATIVO

Actualizado o xoves 21 de maio de 2020, ás 13:16 h

ANÁLISE ESTATÍSTICA

O 70% da poboación confesa ter medo de contaxio por Covid-19 na súa contorna máis próxima

O medo ao contaxio é unha realidade coa que convive a sociedade. Así o reflicten os resultados dunha sondaxe realizada a máis de 16.000 persoas en tres CC.AA. (Comunidad de Madrid, Cantabria e Canarias), onde o 70% dos participantes admitiu ter medo de contaxio por COVID-19 na súa contorna máis próxima. Con todo, só o 25% da poboación consultada percibe este risco de contaxio como alto.

O estudo, liderado por Ana María Recio, profesora da Universidade Europea, conta coa aprobación da Subdirección de Coidados do Servizo Cántabro de Saúde e a colaboración do Goberno de Cantabria, así como o aval da Sociedade Española de Pneumoloxía e Cirurxía Torácica (SEPAR) e a Asociación Internacional de Enfermería (INN). Entre outros resultados preliminares, destaca o bo cumprimento das normas e medidas propostas polo Goberno de España (90%), aínda que o 53% considéraas insuficientes e un 4% opina que foron excesivas.

En relación ás medidas de protección individual recomendadas, extráese que o 73% das persoas enquisadas leva máscara cando salgue do seu domicilio fronte ao 16% que declara non utilizar ningún tipo de accesorio de protección como luvas ou máscaras.

Menos saídas á rúa e mellor relación familiar

Outros cambios rechamantes son os relacionados coas rutinas da poboación. Observouse unha diminución notable das persoas que saían dúas ou máis veces á semana para facer compra, dun 66% antes da declaración do estado de alarma, a un 17% despois da obrigación de confinamento e aumentando ata un 72% a poboación que declara que salgue do seu domicilio só unha vez por semana ou cada quince días.

Este longo confinamento non parece afectar á relación familiar entre os convivientes no domicilio, cun 70% que declara que a súa relación se mantén igual ou mellorou algo respecto ao estado prealerta sanitaria. Aínda que, a crenza de que esta situación produza cambios positivos na nosa sociedade está dividida: un 24% opina que non, un 37% cre que talvez e o outro 39% confía que si haberá eses cambios sociais.

Hoxe publícase no BOE:

- Orde TMA/424/2020, do 20 de maio, pola que se modifican a Orde TMA/384/2020, do 3 de maio, pola que se ditan instrucións sobre a utilización de máscaras nos distintos medios de transporte e fíxanse requisitos para garantir unha mobilidade segura de conformidade co plan para a transición cara a unha nova normalidade; e a Orde TMA/419/2020, do 18 de maio, pola que se actualizan as medidas en materia de ordenación xeral da navegación marítima adoptadas durante o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 ao proceso de desescalada.

Deputación DA CORUÑA

EVOLUCIÓN DA PANDEMIA

Casos confirmados en Galicia	9.067*
Casos confirmados en España	232.555*
Casos confirmados en Europa	1.900.924
Casos confirmados no mundo	4.761.559
Defuncións acumuladas en España	27.888
Persoas recuperadas en España	150.376

*Diagnosticados por PCR